



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Colexio de Educación Infantil e Primaria
Sada y sus Contornos

Avda. Sada y sus Contornos s/n
15160 SADA A CORUÑA
Tífono e Fax 981 620 337
Correo electrónico: ceip.sada@edu.xunta.es
Páxina web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsada/>

Circular núm. 28 (Curso 10-11)

AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO (3º e 4º e. primaria)

Para o vindeiro curso segue vixente Programa de Gratuidade de Libros de Texto para 3º e 4º cursos de educación primaria. Os libros entregaranse en préstamo aos alumnos a principios de curso. Este programa ten unha excepción, debido ao Decreto do plurilingüismo, que obriga a **cambiar os libros de matemáticas que terán que ser en castelán**. A Consellería non facilitou o cambio destes libros aos centros polo que colexio non ten en préstamo os libros de matemáticas en castelán.

No Diario Oficial de Galicia do 31 de maio de 2010 aparece publicada a Orde do 16 de maio de 2011 pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario que cambien de idioma de acordo co Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, destinadas ao alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos no curso escolar 2011/2012 en 3.º e 4.º de educación primaria e en 2.º e 4.º de educación secundaria obrigatoria.

Rendas familiares e contía das axudas

-Familias monoparentais: renda per cápita familiar ata 6.000,00 €: 23 € por libro. Renda per cápita familiar desde 6.000,01 ata 9.000,00 €: 13 € por libro.

-Resto das familias: renda per cápita familiar ata 5.400,00 €: 23 € por libro. Renda per cápita familiar desde 5.400,01 € ata 9.000,00 €: 13 € por libro.

Enténdese por renda per cápita familiar, a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade familiar computables. Terase en conta a situación persoal e familiar en 31 de decembro de 2009 e o exercicio fiscal 2009. A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza. Os membros da unidade familiar que presentasen declaración do imposto sobre a renda de 2009, para os efectos do cálculo da renda familiar sumarán os recadros 455 (base imponible xeral) e a 465 (base imponible do aforro) da declaración.

Información e impresos de solicitude.

O prazo de presentación de instancias será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde no DOG (ver artigo 3 da Orde de convocatoria). Presentarase unha solicitude por alumno/a matriculado/a.

A Orde de convocatoria está á disposición da comunidade educativa no taboleiro de anuncios do centro e as solicitudes, segundo o anexo I da orde, serán facilitadas na conserxería do centro e poderanse descargar da web da Consellería <http://www.edu.xunta.es>

Esta información, a orde de convocatoria e a instancia de solicitude atópanse tamén na páxina principal da web do centro: <http://centros.edu.xunta.es/ceipdesada/>

Sada a 2 de xuño de 2011.



O DIRECTOR

(Handwritten signature)
Asdo. Miguel Gayoso Barreiro

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O. U. C.E.I.P. Sada y sus Contornos Sada - A Coruña
Data:	2 xuño 2011
Número:	178
S A Í D A	